



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáse publicidade ao literal do Decreto núm. 55/2025 de día 04.02.2025 no que se convoca a sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello.

«Descrición decreto: EXPEDIENTE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO 5 DE FEBREIRO DE 2025

EXPEDIENTE Nº 2025/G010/000002

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola secretaria da Corporación o día 04.02.2025, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión extraordinaria urxente** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo mércores **día 05.02.2025 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2025**
- 2 APROBACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) "POS+2025" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (EXPEDIENTE: 2023/A003/000042)**
- 3 SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA "REFORMA INTERIOR Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE CENTRO SOCIAL EN VIZUS".**
- 4 DAR CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 41/2025 DE DÍA 29.01.2025 E DO DECRETO 53/2025 DE DÍA 03.02.2025 (DE RECTIFICACIÓN DE ERROS DAQUEL), DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN**



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695

Páxina 1 de 2

TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 – www.pontedeume.gal



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 3/2025. (REDUCCIÓN DA DÉBIDA PRÉSTAMOS PROVINCIAL)

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde don Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos como secretaria municipal, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)».

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

